



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN DATA CATORCE DE SETEMBRO DE 2011.

PRESIDENTE

Excmo. Sr. D. Leopoldo Rubido Ramonde

CONCELLEIROS

Don Alfredo Vilela Santalla
Don Luis Rubido Ramonde
Don Pablo Luis Nebril López
Don Juan Carlos Romero Beceiro

AUSENTES:

SECRETARIA:

Dona M^a Cristina Varela García

INTERVENTOR:

Don Jorge Manuel Vidal Zapatero

ARQUITECTA MUNICIPAL:

Dona M^a Belén Lamas Pardo

ARQUITECTO TÉCNICO:

Don Agustín Martínez Docanto

No salón de sesións da Casa Consistorial do Concello de Cedeira, ás trece horas e quince minutos do día catorce de setembro de dous mil once, reúnese a Xunta de Goberno Local co obxecto de realizar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, e coa asistencia dos Sres./Sras. concelleiros/as que se relacionan á marxe, actuando como Secretaria a titular da Corporación dona M^a Cristina Varela García, que dá fe do acto.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 113 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real decreto 2568/1986, para a válida realización das sesións da Xunta de Goberno Local, declara aberta esta, pasándose ó estudio e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN CELEBRADA O 07.09.2011.

De conformidade co preceptuado no artigo 91 do R.O.F. a Presidencia pregunta se existe algunha obxección á acta da sesión realizada na data 07.09.2011, e ao non producirse ningunha, a Presidencia somete a votación ordinaria a súa aprobación, da que resulta aprobada por unanimidade dos Sres. Concelleiros presentes.

2.- AUTORIZACIÓNS E LICENZAS

2.- AUTORIZACIÓNS E LICENZAS

2.1. AUTORIZACIÓNS.

2.1.1. TRASMISIÓN DA TITULARIDADE DA LICENCIA DE AUTO-TAXI SOLICITADA POR

ANTECEDENTES DE FEITO



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

condicións establecidas no informe técnico e as condicións técnicas esixidas pola Deputación Provincial.

Ramatado o punto 2.2, a Secretaria sinala que está concluído o expediente de recurso de reposición presentado por D. Alfredo Vilela Santalla contra o acordo da Xunta de Goberno Local de 12.05.2011, de denegación de licenza de obras 2010/006/000189 e de actividade 2010/024/000010, e por tanto debe resolverse pola Xunta de Goberno Local.

O Sr. Alcalde-Presidente indícalle ao Sr. Vilela Santalla que debe abandonar a sala de sesións, posto que incurre en causa de abstención.

O Sr. Vilela Santalla abandona a sala de sesións, sendo ás 14:00 horas.

A continuación, o Sr. Luís Rubido pregunta que acontece se a Xunta de Goberno non resolve o recurso.

A Secretaria responde que, transcorrido os prazos legalmente previstos (1 mes), de conformidade do disposto no artigo 43.1 da Lei 30/1992, o recurso de reposición enténdese desestimado.

En vista do anteriormente exposto, os membros da Xunta de Goberno Local presentes na sesión decide tratar o asunto.

2.3. RECURSO DE REPOSICIÓN CONTRA O ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 12.05.2011 (EXPTE. 2010/024/000010 E 2010/006/000189)

Vistos os antecedentes de feito que a continuación se expoñen:

1.-Con data 12.05.11 a Xunta de Goberno Local, tendo en conta a proposta de resolución da arquitecta municipal de data 5.05.11, adopta, logo das consideracións que nel se refiren, o acordo que de seguido se transcribe, :

"1.- DENEGAR A LICENZA DE ACTIVIDADE SOLICITADA A NOME DE DON ALFREDO VILELA SANTALLA EN REPRESENTACIÓN DE SANTOSCON S.L. PARA CAFÉ-BAR EN O BATURRO CON NÚMERO DE EXPEDIENTE 2010/024/000010.

E como consecuencia, en virtude do artigo 196.2. da LOUGA:

DENEGAR A LICENZA DE OBRAS SOLICITADA A NOME DE DON ALFREDO VILELA SANTALLA EN REPRESENTACIÓN DE SANTOSCON S.L. PARA AS OBRAS DE INSTALACIÓN DE CAFÉ-BAR EN O BATURRO CON NÚMERO DE EXPEDIENTE 2010/006/000189.

2.- Dar traslado ao Fiscal de Urbanismo do TSXG do incumprimento da orde de paralización de 14 de outubro de 2010"

Notifícase o referido acordo a Alfredo Vilela Santalla con data 19.05.11, remítese certificado do acordo adoptado en Xunta de Goberno ó Fiscal de urbanismo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia con data 27.05.11, así como á Axencia de protección da legalidade urbanística con data 25.05.11.



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

2.- Con data 19.05.11 (rex portelo entrada Xunta 13.05.11, rex saída 16.05.11) ten entrada neste concello escrito de Antonio Rodriguez Fabello.

3.- Con data 9.06.11(rex entrada 3560) ten entrada neste concello solicitude do Fiscal de Area de Santiago de remision de documentacion dos expedientes de obra menor 2010/006/000189, actividade 2010/024/000010 e reposición da legalidade urbanistica, asi como informe do arquitecto municipal sobre clasificación do solo e superficie ocupada en solo rústico

3.1.- Con data 22.06.11 dictase providencia de alcaldia solicitando ó servizo de urbanismo a remision dos expedientes asi como do informe da arquitecta municipal.

3.2.- Con data 7.07.11 emitese informe tecnico pola arquitecta municipal en contestacion á providencia de alcaldia de data 22.06.11

4.- Con data 10.06.11 (rex entrada 3580) ten entrada escrito do Servizo Territorial Zona Galicia Norte de Augas de Galicia sobre incoacion de expediente sancionador a Santoscon SL por obras de recheo e construcion en zona de servidume do Rio de Braxe carecendo de autorización no Lugar de O Baturro.

5.- Con data 17.06.11 (rex entrada 3711) Alfredo Vilela Santalla , en representacion de Santoscon S.L, interpon recurso de reposicion contra o acordo da Xunta de Goberno Local de data 12.05.11, baseandose o recurso nas alegacions que de seguido se refiren de xeito resumido:

1.- En relacion co expediente de obra menor 2010/006/000154, non se xustifica o arquivo do referido expediente en tanto que os interesados non recibiron ningunha notificacion do requirimento de documentación.

2.- En relacion con que a documentación achegada está incompleta, tal e como manifestan os informes, se se revisa ben o expediente atoparase a documentación que din que falta (direccion de obra, memoria de electricidade, estudo de seguridade e saude, fontaneria, saneamento)

3.- Nos informes dos tecnicos que constan no expediente refírese que deberia terse tratado como obra maior, se ben as instancias dirixidas ó alcalde, acompañadas polos proxectos non se fai mención a se es obra maior ou menor

4.- Existe desacordo entre os informes técnicos do arquitecto técnico municipal e da arquitecta municipal . O arquitecto técnico municipal se basea nas ordenanzas do plan xeral de Cedeira, sen modificar dende o ano 1995 , mentres que a arquitecta municipal se basea na disposición transitoria 1ª da lei 2/10.

5.- Sendo as conclusións dos informes técnico e xuridico que estando as obras en solo rustico de especial protección de augas o uso proxectado, café bar, se trata dun uso prohibido, estase de acordo en que en solo rustico de protección de augas non se pode autorizar nengunha obra, pero as obras que se estan realizando para as que se solicitou licencia e onde se pretende montar un negocio de café bar se atopan en terreo clasificado como solo de núcleo rural común, en aplicación da disposición transitorio 1 da LOUGA, calificado no PXOM como solo non urbanizable de núcleo rural e tendo en conta a ordenanza de aplicación segundo o arquitecto tecnico as obras construídas hai mais de 40 anos , estan separadas a mais de 5 m do rio que en todo caso amparandose nesta ordenanza haberia que condicionar a canalizar as augas do rio nesa franxa.



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

6.- Entendese que o terreo no que se estan realizando as obras é de solo de núcleo rural comun, amparandonos na disposición transitoria 1 da lei 2/10. Interpretase despois de ler o texto integro da d. T,1ª e nas instruccións de 11.05.11 que non se pode clasificar de solo rustico unha parte de un terreo situado no núcleo rural . Achegase documentación

7.-8.- Neste expediente opera o silencio administrativo positivo, en ningun momento dende o 26.08.10 ata o 8-04-11 se lle pide documentación ó interesado por parte do concello . Agora o concello comunica ó interesado acordo desestimatorio para a licencia de obras e de apertura alegando tratarse de un uso prohibido nese solo cando o 23.04.01 o concello comunicou que procedía conceder a licencia de obra e de apertura. O concello notifica ó interesado (8.04.11) con informes xuridico e informes tecnicos que a obra onde se proxecta levar a cabo a actividade solicitada de café bar esta en solo rustico de especial protección de augas e hai seis meses (14.10.10) o concello notificaba ó interesado que segundo o Informe do arquitecto municipal de data 7.10.10 a clasificación do solo onde se estaba realizando a obra era de solo de núcleo comun. Refírese ós artigos 39 bis e 43 da lei 30/92 de rexime xuridico das administracións publicas e do procedemento administrativo comun.

6.- Con data 30.06.11 dictase providencia de alcaldia solicitando á xefa do servico de urbanismo e arquitectura a emision da pertinente informe- proposta co fin de poder resolver o recurso interposto.

7.- Con data 12.08.11 (rex entrada 4802) dase traslado a este concello da copia do acordo de incoacion do expediente de reposición da legalidade urbanistica incoado pola Axencia de proteccion da legalidade urbanistica na que logo dos fundamentos xuridicos pertinentes se resolve:

"1.- Incoar expediente de reposición da legalidade urbanística en relación coas obras realizadas en solo rústico e en solo de núcleo rural sen as preceptivas autorización urbanistica autonómica e licencia municipal consistentes en construción de edificación para cafe bar restaurante no Lugar de Baturro nº 1, San Román de Montoxzo, no termo municipal de Cedeira

2.- Comunicar esta resolución ós interesados indicándolles ue no prazo de 15 dias habiles poderán presentar alegacións, documentos ou informacións que estimen convenientes e no caso de que non teñan por certos os feitos que se describen no corpo desta resolución propoñer proba concretando os medios de que pretendan valerse."

8.- Con data 19.08.11 emite informe técnico a arquitecta municipal sobre o recurso de reposición interposto, cuxo contido servirá de fundamento á resolución do recurso de reposicion.

Os informes que obran neste expediente -informe xurídico de data 30.08.2011 e técnico de data 19.08.2011- serven de motivación a este acordo, e en todo caso destacanse as seguintes CONSIDERACIONES:

1.- Informe da Arquitecta Municipal, de data 19.08.2011, que copiado literalmente di:



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

P 1/5

INFORME TÉCNICO. RECURSO DE REPOSICIÓN OBRA ME. Nº EXPTE: 2010-006-000189 ACTIVIDADE Nº EXPTE: 2010_024_000010

0. SUPOSTO

DATOS DO PETICIONARIO:

NOME: Don Alfredo Vilela Santalla DNI: 76402099-D DOMICILIO: Lamelas nº12, A Ribeira. CEDEIRA, en representación de

SANTOSCON S.L. CIF: B-15787211. DOMICILIO: Lugar de San Román. 15350. CEDEIRA.

OBXECTO DO EXPEDIENTE DE OBRAS: ACONDICIONAMENTO E INSTALACIÓNS CON DESTINO A CAFÉ-BAR.

TIPO DE ACTIVIDADE: CAFÉ-BAR

SITUACIÓN: Lugar O Baturro. Parroquia de San Román. CEDEIRA. **REF. CATASTRAL:** 15022A501009650000UF

PEM: 20.040,10 €

EXPEDIENTES RELACIONADOS: 2010-006-000154 e 2010-033-000012

LEXISLACIÓN APLICABLE:

Àf R.D. 849/1986, do 11 de Abril, Regulamento do Dominio Público Hidráulico.

Àf Lei 30/92, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (en diante LRPAC).

Àf Lei 4/1994, de 14 de SETEMBRO, de Estradas de Galicia (BOE nº 303 de 20/desembro/1994)

Àf Plan Xeral de Ordenación Urbana de Cedeira publicado no BOP 14/06/1995 (en diante LOUGA).

Àf Lei 38/1999, de 5 de Novembro, de Ordenación da Edificación. (LOE en diante)

Àf Decreto 28/1999, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do Solo de Galicia (RDUG).

Àf Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, modificada pola lei 15/2004, Lei 6/2008, do 19 de xuño e lei 2/2010, que entra en vigor o 20 de abril, e a Lei 15/2010. (en diante LOUGA).

Àf Lei 25/2009, do 22 de Decembro, de modificación de diversas leis para a súa adaptación á Lei sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio.

Àf Concordantes.

1. ANTECEDENTES

1.1. EXPEDIENTE DE OBRAS MENORES: 2010/006/000189.

19/10/2010 (R.E:6662) Don Alfredo Vilela Santalla en representación da empresa SANTOSCON S.L., solicita unha Licenza

de Obras Menores, (na mesma parcela de obxecto do expediente 2010/006/000154) e aporta a seguinte documentación:

Àf Proxecto de terminación de acondicionamento e instalación redactado polo Enxeñeiro Técnico Industrial Don Julio Salgueiro Rubinos.

28/10/2010 (R.E:6881) Don Alfredo Vilela Santalla en representación da empresa SANTOSCON S.L., aporta a seguinte documentación:

Àf Copia da solicitude de Obras ante Augas de Galicia na zona de Policía de Leitos.

15/11/2010 (R.E:7300) Don Julio Salgueiro Rubinos aporta a seguinte documentación

Àf Oficio de Dirección de Obra do Enxeñeiro Técnico Industrial Don Julio Salgueiro Rubinos.

16/11/2010. Informe en sentido desfavorable redactado polo Arquitecto Técnico, onde motiva a denegación da licenza das obras para o café-bar motivado en:

Àf **Que se trata dun uso non permitido no Solo Rústico de Especial Protección de Augas.**

Àf **Que as obras pretendidas non se poden considerar como obras menores.**

Àf **Que debería acompañarse a solicitude de proxecto técnico completo redactado por Técnico competente, non considerando ó redactor do mesmo competente para este tipo de obras.**

28/02/2011. Informe Técnico Municipal en sentido desfavorable, asinado pola Arquitecta Municipal.

02/03/2011. Informe Xurídico Municipal en sentido desfavorable.

08/04/2011. R.S: 1307. Providencia de Alcaldía onde notifica ó interesado que se someterá a XGL a denegación da

licenza de obras 2010/006/0000189, dándolle de prazo 15 días para formular alegacións, se da traslado das copias dos seguintes informes:

Àf Informe do Arquitecto Técnico Municipal de data 16/11/2010.

Nº EXPTE: 2010_006_000189 E 2010_024_000010 **P 2/5**

Àf Informe da Arquitecta Municipal de data 28/02/2011.

Àf Informe Xurídico Municipal de data 02/03/2011.

(CONSTA RECIBIDA 08/04/2011)

27/04/2011. R.E: 2298. Don Alfredo Vilela Santalla, presenta alegacións á proposta de alcaldía, acompáñase de diversa



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

documentación, como copia das solicitudes de licenza de obra menor, solicitude de licenza de apertura, solicitude de autorización a Augas de Galicia, copia de normativa e lexislación, así como:

Àf Informe urbanístico emitido polo Arquitecto **Don Luís Couto González** a ano 2001 (anterior por tanto á entrada en vigor da LOUGA)

Àf Copia das Notificacións de Alcaldía de data 07/10/2010 E 14/10/2010.

Àf Taxación de data 30/10/2009 asinada por **Don Francisco Antonio Fragoso Pena** para TASACIONES ROMA S.A.

Àf Certificación Urbanística de Ben Inmable asinada polo arquitecto **Don Antonio Rodríguez Fabello** con data 26/04/2011.

12/05/2011. Acordo da X.G.L. de denegación da Licenza de Obras.

17/06/2011. R.E: 3711. Don Alfredo Vilela Santalla presenta recurso de reposición contra o acordo da XGL, presenta,

entre outros o seguinte:

Àf Certificación Urbanística asinada pola Arquitecta Dona Auria Doce Pardo.

Àf Copia do Informe Técnico emitido por Don Luís Couto González.

Àf Certificado do Secretario do Colexio de ETI onde se certifica que Don Julio César Salgueiro Rubinos é Perito Industrial na Especialidade Mecánica.

1.2. EXPEDIENTE DE LICENZA DE ACTIVIDADE: 2010/024/000010.

20/10/2010. R.E:6689. Don Alfredo Vilela Santalla solicita licenza de apertura dun Café-Bar Especial. Non aporta documentación a este expediente, expoñendo que é a mesma que a do expediente 2010/006/000010.

03/11/2010. R.S: 4517. Providencia de Alcaldía onde se resolve:

1. Proceder á incorporación da solicitude de obra menor (2010/006/000189) e de solicitude de apertura de establecemento (2010/024/000010) ó expediente de reposición da legalidade urbanística 2010/033/000012, para a súa tramitación conxunta.

2. Notifíquese, para o seu coñecemento, esta providencia de ó interesado, así como á Axencia de Protección da Legalidade Urbanística, dándolle traslado a este organismo das copias das solicitudes.

18/11/2010. Informe en sentido desfavorable redactado polo Arquitecto Técnico, onde motiva a denegación da licenza de apertura de café-bar motivado en:

- Que se trata dun uso non permitido no Solo clasificado como Non Urbanizable de Protección de Cauces (asimilable a Solo Rústico de Especial Protección de Augas, en aplicación da transitoria primeira da LOUGA).

28/02/2011. Informe Técnico Municipal en sentido desfavorable (este informe é o mesmo que para o expediente de obras nº 2010/006/000189 por seren obxecto dunha única resolución).

08/04/2011. R.S: 1308. Providencia de Alcaldía onde notifica ó interesado que se someterá a XGL a denegación da

licenza de obras 2010/006/000189, dándolle de prazo 15 días para formular alegacións, se da traslado das copias dos seguintes informes:

Àf Informe do Arquitecto Técnico Municipal de data 18/11/2010.

Àf Informe da Arquitecta Municipal de data 28/02/2011.

Àf Informe Xurídico Municipal de data 02/03/2011.

12/05/2011. Acordo da X.G.L. de denegación da Licenza de Actividade.

17/06/2011. R.E: 3711. Don Alfredo Vilela Santalla presenta recurso de reposición contra o acordo da XGL conxunto co expediente de licenza de obra menor.

1.3. EXPEDIENTE DE REPOSICIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA

Realizáronse obras de demolición dun canabón existente, sen licenza municipal. Esta construción xa fora obxecto dun

ERLU no ano 1999. Están en curso de execución obras de construción dunha edificación con destino a café-bar.

06/10/2010. Parte de Inspección de Obras da Policía Local acompañado de fotografías.

07/10/2010. Resolución de Alcaldía e remisión á APLU (Nº EXPTE 1/2010).

Nº EXPTE: 2010_006_000189 E 2010_024_000010 **P 3/5**

14/10/2010. R.A: 678. Orde de Paralización da Obra e remisión á Axencia de Protección da Legalidade Urbanística.

15/10/2010. Parte de Inspección de Obras acompañado de **Acta de Precinto.**

21/11/2010. Remisión á APLU da documentación, entre outra, Resolución na que se ordena a paralización de data

14/10/2010.

03/11/2010. Remisión á A.P.L.U. de nova documentación: solicitude de licenza de obra menor (2010_006_000189) e solicitude de licenza de actividade (2010_024_000010).

16/02/2011. Parte da Policía Local, acompañado de fotografías, no que se informa que as obras estaban en curso,

traballando nese momento Don Alfredo Vilela, o cal informa do seguinte:

Àf Que nese momento está a demoleron anexo de 2,00 m x 2,50 m.

Àf Que solicitou licenza con data 19/10/2010.

Àf **Que obtivo a licenza por silencio administrativo con data 19/01/2011** baixo o proxecto redactado por



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

Don Julio Salgueiro Rubio.

25/02/2011. Parte de Servizo da Policía Local, acompañado de fotografías, no que se informa que as obras estaban en

curso, traballando nese momento Don Alfredo Vilela, o cal informa do seguinte:

Àf Que obtivo a licenza por silencio administrativo con data 19/01/2011.

02/03/2011. R.S: 848. Providencia de Alcaldía dirixida ó Señor Vilela, no que se comunica que **os prazos que rexen para**

a resolución das solicitudes de legalización son ós do ERLU e non os ordinarios das licenzas.

Informáselle que unha vez resolta a súa solicitude de 19/10/2010, darase traslado ó Ministerio Fiscal dos actos de incumprimento da orde de paralización de 14/10/2010.

12/08/2011. R.E: 4802. Dona Carmen R. Rodríguez, como Xefa do Servizo de Inspección Urbanística I, achega copia da

incoación do Expediente de Reposición da Legalidade Urbanística por parte da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística.

2. ANÁLISE DO RECURSO DE REPOSICIÓN

2.1. CLASIFICACIÓN DO SOLO E RÉXIME XURÍDICO DE APLICACIÓN

Segundo as alegacións do Sr. Vilela contidas no Recurso de Reposición, a edificación ubícase en solo clasificado como

Solo Non Urbanizable de Núcleo Rural, asimilable a Solo Rústico.

Constan informe técnicos municipais, obrantes no expediente, onde din que a parcela está afectada por dúas clasificacións distintas: parte da parcela está clasificada segundo o PXOU como Solo Non Urbanizable de Núcleo Rural,

asimilable a **Solo de Núcleo Rural Común** (en aplicación da transitoria 1ª da LOUGA; e parte da parcela está clasificada como Solo Non Urbanizable de Protección de Canles e Zonas Baixas (segundo PXOU), asimilable a **Solo**

Rústico de Especial Protección de Augas (en aplicación da transitoria 1ª da LOUGA).

A resolución da APLU de incoación de ERLU é coincidente co descrito nos informes municipais. Engade, ademais, di

que as edificacións, nalgunhas zonas, están situadas a menos de 5,00 m da canle do río.

2.2. EXPEDIENTE INCOMPLETO

Segundo as alegacións do Sr. Vilela no recurso de reposición, o expediente está completo. A solicitude de licenza de

obra menor acompáñase de "Proxecto de Terminación, Acondicionamento e Instalacións con destino a Café-Bar en

Edificación existente" asinado por Don Julio Salgueiro Rubinos. Segundo alegacións presentadas por Don Alfredo Vilela,

o expediente está completo.

2.2.1. OBRAS MAIORES Vs OBRAS MENORES

Solicitouse licenza de obras menores, cando deberíase tratar como obras maiores. A obras pretendidas supoñen:

Àf **Alteración do volume.**

Àf **Alteración das instalacións e dos servizos.**

Àf **Afectan ó deseño exterior.**

Àf **Afectan á cimentación.**

Àf **Afectan á estrutura.**

Àf **Afecta ás condicións de seguridade do edificio.**

En aplicación do artigo 165.3 da LOUGA, trataríase de **obra maior** mentres que o expediente a nome de Don Alfredo

Vilela Santalla é de solicitude de obra menor.

Nº EXPTE: 2010_006_000189 E 2010_024_000010 **P 4/5**

2.2.2. PROXECTO INCOMPLETO

O proxecto aportado, soamente, contempla as obras que quedan por realizar, pero non as obras executadas sen ampararse en licenza municipal. Dado que parte das obras están xa executadas, sen contar con licenza municipal, o

proxecto debería contemplar as obras pendentes de legalización, así como as obras que quedan por rematar.

O proxecto de construción presentado non se considera completo porque non contén a seguinte documentación:

- Memoria urbanística, como documentos específico e independente.

Art 195.4 da LOUGA: "... devandito proxecto técnico conterá unha memoria urbanística, como documento específico e independente, na que se indicará a finalidade e o uso da construción ou actuación proxectada, razoándose a súa adecuación á ordenación vixente, con expresa indicación da clasificación e cualificación do solo obxecto da actuación e da normativa e das ordenanzas aplicables a el."

- Xustificación de cumprimento do artigo 104 da LOUGA.

Art 195.4 da LOUGA: "... memoria desenvolverá os argumentos necesarios para xustificar o cumprimento do preceptuado no artigo 104º desta lei e acompañarase dos correspondentes planos de situación a escala adecuada, así como de calquera outra información gráfica que resulte precisa para apoiar o seu contido."



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

- Memoria xustificativa do cumprimento das condicións previstas na normativa autonómica de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas.

Art 195.4 da LOUGA: "... conterá unha memoria xustificativa do cumprimento das condicións previstas na normativa autonómica de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas."

- Xustificación de disposicións mínimas de seguridade e saúde nos lugares de traballo segundo o R.D. 486/1997 do 14 de Abril.

- Xustificación do Decreto 8/2007 de ordenación turística dos restaurantes e cafeterías da Comunidade Autónoma de Galicia.

- Non se presenta xustificación do Real Decreto 105/2008 por el que se regula a produción e xestión de residuos de construción e demolición.

- Non se presenta memoria de fontanería.

- Non se presenta memoria de saneamento.

2.2.3. AUTORIZACIÓN SECTORIAIS

Segundo o artigo 196.5. da LOUGA, nos supostos nos que o ordenamento xurídico esixa, para a execución de calquera

actividade, autorización doutra administración pública en **materia medioambiental** ou de protección do patrimonio

histórico-cultural, a licenza municipal urbanística só se poderá solicitar con posterioridade a que fose outorgada a referida autorización. No caso que nos ocupan son perceptivos dúas autorizacións sectoriais:

2.2.3.1. AUGAS DE GALICIA: EXPEDIENTE SANCIONADOR (CLAVE DH.D15.28931). O interesado alega que presentou solicitude de autorización das obras de Augas de Galicia, pero non consta resolución da súa autorización.

Consta **expediente sancionador incoado por Augas de Galicia a SANTOSCAN S.L. polas obras de recheo e construción**

na zona de servidume do Río Braxe carecendo de autorización.

2.2.3.2. ESTRADAS. As obras atópanse na zona de afección (30,00 m) da **estrada de titularidade autonómica AC-566,**

polo que sería perceptiva e vinculante a autorización de Servizo Provincial de Estradas da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, como titular da Estrada. **Non obra no expediente a citada autorización.**

2.3. SILENZO ADMINISTRATIVO

Segundo as alegacións presentadas polo Sr. Vilela no recurso de reposición, a licenza foi entendida concedida por

silenzo administrativo.

Segundo o artigo 195.1 da LOUGA: "*En ningún caso se entenderán adquiridas por silenzo administrativo licenzas en contra da lexislación ou planeamento urbanístico.*"

Son obras destinadas a usos hostaleiros en solo rústico de especial protección de augas. **Segundo o artigo 38 da LOUGA están prohibidos os usos hostaleiros de calquera tipo neste tipo de solo rústico.**

Existen, segundo Resolución da APLU, outros **parámetros de incumprimento:**

As obras previstas, empregan materiais non tradicionais, coma a cuberta (con acabado imitando tella) e o cerramento

exterior onde se pretende empregar panel sandwich e chapa metálica lacada. Non se cumpre o artigo 42 da LOUGA.

Artigo 42 da LOUGA: "*... características estéticas e construtivas e os materiais, as cores e os acabados serán acordes coa paisaxe rural*

e as construcións do contorno. En tal sentido, para o acabado das edificacións empregarase a pedra ou outros materiais tradicionais

Nº EXPTE: 2010_006_000189 E 2010_024_000010 **P 5/5**

e propios da zona. En casos xustificados pola calidade arquitectónica da edificación, poderán empregarse outros materiais acordes cos valores naturais, coa paisaxe rural e coas edificacións tradicionais do contorno...

Os volumes de almacen e cobertizo existentes non cumpre os artigos 9 e 104.e) da LOUG, no que respecta ó ornato

público e onde di que as construcións deben presentar tódolos seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados.

A tipoloxía edificatoria non se adapta ó entorno, polo tanto incumpre os artigos 42 e 104 da LOUGA.

Artigo 42 da LOUGA: "*... características tipolóxicas da edificación deberán ser congruentes coas tipoloxías do contorno; en particular, as condicións de volumetría, tratamento de fachadas, a morfloxía e o tamaño dos ocos e das solucións de cuberta, que, en todo caso, estarán formadas por planos continuos sen crebas nas súas vertentes...*

As obras en curso de execución son contrarias á lexislación urbanística autonómica, polo tanto, **en caso de producirse, o sentido do silenzo sería negativo.**

3. CONCLUSIÓN

Ó meu entender, tecnicamente, debería desestimarse o recurso de reposición interposto polo Sr. Vilela contra o acordo da X.G.L. de denegación da licenza de obras menores EXPTE Nº 2010/006/000189 e licenza de actividade EXPTE. Nº 2010/024/000010.

Isto é o que informo, salvo mellor criterio, e sen prexuízo do que poidan dicir os Servizos Xurídicos Municipais.

Calquera acto ou resolución relativo ós presentes expedientes deberá notificarse á **Axencia de Protección da**

Legalidade Urbanística, por constar **incoación de ERLU IU1/42/2011**, así como **Augas de Galicia** por estar existindo

expediente sancionador incoado polas obras en curso de execución na zona de policía do Río Braxe con clave



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

DH.D15.28931, así como ó **Servizo Provincial de Estradas da CMATI** por estaren en execución obras na zona de afección da **estrada AC-566 sen autorización**.

En Cedeira, 19 de Agosto de 2.011

Belén Lamas Pardo. A Arquitecta Municipal"

2.- Informe da Técnico de Administración Xeral, de data 30.08.2011, do que se transcribe o fragmento relativo ás consideracións xurídicas:

"Primeira.- O obxecto deste informe ten carácter exclusivamente procedimental, en concreto se analizará o recurso de reposición presentado á vista da regulación prevista na lei 30/92.

1.1.- A regulación normativa do recurso de reposición atopase con carácter xeral nos artigos 107 e seguintes da Lei 30/92 de rexime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e de xeito específico nos artigos 116 e seguintes da referida lei .

Artículo 116. Objeto y naturaleza.

1. *Los actos administrativos que pongan fin a la vía administrativa podrán ser recurridos potestativamente en reposición ante el mismo órgano que los hubiera dictado o ser impugnados directamente ante el orden jurisdiccional contencioso-administrativo.*

2. *No se podrá interponer recurso contencioso-administrativo hasta que sea resuelto expresamente o se haya producido la desestimación presunta del recurso de reposición interpuesto*

Artículo 117. Plazos.

1. *El plazo para la interposición del recurso de reposición será de un mes, si el acto fuera expreso. Si no lo fuera, el plazo será de tres meses y se contará, para el solicitante y otros posibles interesados, a partir del día siguiente a aquel en que, de acuerdo con su normativa específica, se produzca el acto presunto. Transcurridos dichos plazos, únicamente podrá interponerse recurso contencioso-administrativo, sin perjuicio, en su caso, de la procedencia del recurso extraordinario de revisión.*

2. *El plazo máximo para dictar y notificar la resolución del recurso será de un mes.*

3. *Contra la resolución de un recurso de reposición no podrá interponerse de nuevo dicho recurso.*

Transcurrido o prazo máximo para resolución do recurso de reposición, 1 mes, entenderase desestimado ó recurso por aplicación do artigo 43.1 da Lei 30/92. Nembargantes, o apartado 3 do último artigo citado permite á Administración a resolución expresa posterior ó vencemento do prazo.

1.2.- Vista a documentación referida nos antecedentes de feito, en relación co recurso de reposición interposto verificanse os seguintes extremos:

- Obxecto do recurso: Acordo da Xunta de Goberno Local de data 12.05.11 polo que se denega a licenza de actividade solicitada a nome de Alfredo Vilela Santalla, en representación de Santoscon SL para café bar en O Baturro co nº de expediente 2010/024/000010, e como consecuencia en virtude do art 196.2 da LOUGA denegar a licenza de obras solicitada a nome de Alfredo Vilela Santalla, en representación de



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

Santoscon SL para as obras de instalación de cafe bar en O Baturro co nº de expediente 2010/006/000189.

- Órgano competente para a resolución do recurso: O mesmo órgano que dictou o acto recurrido, polo tanto o órgano competente será a Xunta de Goberno Local .

- Prazo para a interposición do recurso: Sendo notificado o acordo de data 12.05.11 da Xunta de Goberno Local con data 19.05.11, o recurso de reposición interposto por Alfredo Vilela Santalla , en representación de Santoscon S.L , ten rexistro de entrada neste concello con data 17.06.11 (rex entrada 3711), polo que se conclue que o recurso interposto está presentado en prazo.

- Motivación para a resolución do recurso: Con data 19.08.11 emite informe técnico a arquitecta municipal, transcrito de xeito literal no antecedente de feito nº 8, cuxo contido, no que se da contestación ás distintas alegacións nas que se basea o recurso , servirá de motivación á resolución do mesmo.

A maior abundamento, compre referir que o contido do recurso interposto é o mesmo que o contido das alegacións xa presentadas por Alfredo Vilela Santalla con data 27.04.11 no trámite de audiencia concedido de xeito previo á adopción do acordo pola Xunta de Goberno Local agora recurrido. As ditas alegacións xa foron analizadas na proposta de resolución motivada emitida pola arquitecta municipal con data 5.05.11."

Tendo en conta as consideracións anteriores, e visto o expediente completo, a Xunta de Goberno Local, por tres votos a favor (Sr. Alcalde, Sr. Luis Rubido e Sr. Pablo Nebril) e unha abstención (Sr. Carlos Romero), acorda:

Primeiro.- Desestimar o recurso de reposición presentado por D. Alfredo Vilela Santalla contra o acordo da Xunta de Goberno Local do 12.05.2011, de denegación da licenza de actividade para café bar en O Baturro, expediente 2010/024/000010, e da licenza de obras co nº de expediente 2010/006/000189, polos motivos expostos nos informes técnico e xurídico.

Segundo.- Notificar o presente acordo ós interesados.

3.- APROBACIÓN DE GASTOS.

Vista a relación de facturas preparadas pola Intervención e que se encontran conformadas e con crédito presupuestario para a súa tramitación

Tendo en conta que a competencia da aprobación das facturas correspondelle a Xunta de Goberno Local por delegación de Alcaldía.

Vista a proposta da Alcaldía de data 14 de setembro de 2011.

Visto o informe da Intervención de 14 de setembro de 2011.



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda:

Autorizar e dispoñer os gastos que se relacionan de seguido, e recoñecer e liquidar as obrigas correspondentes, xuntando nun so acto as tres fases de execución do gasto a que se refire o artigo 67.1.b) do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, prestar aprobación ás facturas e os xustificantes que se citan, ordear o pago e que pola Tesourería Municipal se proceda o seu pagamento e contabilización con cargo ás partidas orzamentarias que se indican:

NºReg.	Proveedor y Concepto	Partida	Importe
372	TELE GALERY, S.L.. Fra. A 22218/11 2 TV 50 panasonic	2011.0.414.0.62500	1.197,98 €
502	AGRO-FERROL SL. Fra. 2165/11 Begonia, lavandula...	2011.0.151.0.22109	384,77 €
548	YAÑEZ CANDALES,S.L.. Fra. 2908F Sum. materialnave Xunqueira	2011.0.151.0.22109	4,00 €
552	YAÑEZ CANDALES,S.L.. Fra. 2904F Sum. materialjardineria	2011.0.151.0.22109	82,60 €
567	TALLERES TORRES PITA S.L.. Fra. 3348 Suministro mat. ref. 003345C ...	2011.0.151.0.21400	231,92 €
569	AGRO-FERROL SL. Fra. 2400/11 Lavandula, fungicida e outros	2011.0.151.0.22109	14,28 €
620	FERRETERIA LUCIANO SL. Fra. F/1082 Cesped Sportmaster	2011.0.151.0.22109	8,50 €
621	FERRETERIA LUCIANO SL. Fra. F/1081 Reparacion cortacesped viking	2011.0.151.0.21300	233,64 €
622	FERRETERIA LUCIANO SL. Fra. F/1007 Aspersores S700 e Super 800	2011.0.151.0.22109	109,80 €
628	FERRETERIA LUCIANO SL. Fra. F/1001 F. laton machon e F.rollo teflon	2011.0.151.0.22109	4,66 €
651	AGRO-FERROL SL. Fra. 2794 Begonia, surfinias, antitopos y aliette	2011.0.151.0.22109	76,05 €
674	AGRO-FERROL SL. Fra. 2949 Begonia, surfinias y abrazadera arbol	2011.0.151.0.22109	47,19 €
675	AGRO-FERROL SL. Fra. 2948 Programador DDC-4-220 4 estaciones	2011.0.151.0.22109	75,00 €
Total:			2.470,39 €

4.- RECOÑECIMENTO DE DEREITOS.

4.1. APROBACIÓN DO PADRÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DE AGOSTO DO 2011

Vista a proposta da Alcaldía de data 12.08.2011 que literalmente di:

“O regulamento do servizo de axuda no fogar do Concello de Cedeira, publicado no BOP núm. 260 do 10.12.2009, establece no artigo 6.6 a obriga dos usuarios de participar no pagamento do servizo nos termos que estableza a súa norma reguladora.



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

A Ordenanza reguladora do prezo público dos usuarios do servizo de axuda no fogar do Concello de Cedeira foi aprobada polo Pleno do Concello o 22.12.2009 e publicada no BOP núm. 37 do 25.02.2010.

O Concello de Cedeira desenvolve o programa de Servizos Sociais de axuda no fogar e conta coa autorización de inicio de actividade inscrito no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Xunta de Galicia co número de identificación E-736/P001.

É polo que se propón a esta Xunta de Goberno Local:

1º) A aprobación da lista de cobro do servizo correspondente ó mes de agosto de 2011 que empeza por , cun importe de 25.35€ e finaliza con cun importe de 5.20€ e se compón de 88 obrigados ó pagamento ascendendo a un total de 4.502,06€.

2º) Que se continúe coa recadación das cantidades.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda:

Primeiro.- A aprobación da lista de cobro do servizo correspondente ó mes de agosto de 2011 que empeza por , cun importe de 25.35€ e finaliza con cun importe de 5.20€ e se compón de 88 obrigados ó pagamento ascendendo a un total de 4.502,06€.

Segundo.- Que se continúe coa recadación das cantidades.

4.2. CORRECCIÓN DE ERROS NO PADRÓN DO LIXO

Visto o informe da Intervención municipal de 12 de setembro de 2011 que literalmente di:

A Xunta de Goberno Local de data vinte e catro de agosto de 2011 aprobou definitivamente o Padrón Fiscal da taxa de recollida de residuos sólidos urbanos, correspondente ó exercicio 2010, que consta dun total de 5.471 recibos e un importe total de 328.552,78 euros.

No momento de enviar dixitalmente o padrón aprobado producíronse unha serie de incidencias que se incorporaron ao fichero procesado pola Deputación que motivan a necesidade de corrixir o acordo de aprobación definitiva, conforme o que se sinala a continuación.

a) Visto que a aplicación informática non permite incluír decimais nas porcentaxes de bonificación, polo que houbo que aplicarlles un redondeo matemático, que afectou ós recibos con número fixo 253000644843, 253000645471 e 253000647873, no sentido que se indica a continuación:

Nº fixo	Cota líquida	
	Onde di	Debe dicir
253000644843	142,74 €	142,62 €
253000645471	116,56 €	116,69 €
253000647873	87,77 €	88,41 €



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

b) Visto que houbo un erro na copia de datos ó padrón en papel, que provocou a inclusión do recibo con nº fixo 253000642007, cunha cota líquida de 160,75 € que non tiña que figurar e tendo en conta que a exclusión do padrón definitivo beneficia ó suxeito pasivo, pero que se deberá regularizar con liquidación ou recibo posterior.

c) Visto que non se incluíu o recibo con nº fixo 253000647954, cunha cota líquida de 61,30 €, que debía figurar nel, por ter solicitado a alta o propio suxeito pasivo e que no momento de proceso do ficheiro informático xa se engadira na base de datos.

- Visto o anterior mantense o número de recibos en 5.471, pero o importe total será de 328.453,98 €.

Proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

1º. Corrixir o contido do Padrón fiscal da taxa de recollida de residuos sólidos urbanos, correspondente ó exercicio 2010, que constará dun total de 5471 recibos e un importe total de 328.453,98 €.

2º. Corrixir a cota líquida dos seguintes recibos:

Nº fixo	Cota líquida	
	Onde di	Debe dicir
253000644843	142,74 €	142,62 €
253000645471	116,56 €	116,69 €
253000647873	87,77 €	88,41 €

3º. Rectificar o erro material no padrón definitivo e excluir o recibo con nº fixo 253000642007, cunha cota de 160,75 €.

4º. Rectificar o erro material no padrón definitivo e incluír no padrón definitivo o recibo con nº fixo 253000647954, cunha cota de 61,30 €.

5º. Comunicar o acordo á Excm. Deputación Provincial da Coruña, para os efectos oportunos.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda:

Primeiro.- Corrixir o contido do Padrón fiscal da taxa de recollida de residuos sólidos urbanos, correspondente ó exercicio 2010, que constará dun total de 5471 recibos e un importe total de 328.453,98 €.

Segundo.- Corrixir a cota líquida dos seguintes recibos:

Nº fixo	Cota líquida	
	Onde di	Debe dicir



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

5.- CONTRATACIÓNS ADMINISTRATIVAS.

5.1. Contrato menor "Actuacións en Palacete Municipal. Fondo Compensación Ambiental".

Visto o expediente tramitado para a contratación das obras "Actuacións en Palacete Municipal. Fondo Compensación Ambiental", por importe de 19.028,28 euros (IVE incluído), na modalidade de contrato menor de obras, aprobado en Xunta de Goberno Local de data 31.08.2011.

Foron invitadas tres empresas: VILLASUSO ORTEGAL, S.L., CONSTRUCCIONES GUERREIRO SOMOZAS, S.L., e CONSTRUCCIONES SAN MARTÍN, S.A.

Rematado o prazo de presentación de ofertas o 9.08.2011, presentaron oferta VILLASUSO ORTEGAL, S.L. (rex. de entrada nº 5189) e CONSTRUCCIONES SAN MARTÍN, S.A. (rex. de entrada nº 5186).

A mesa de contratación reuniuse o 13.08.2011, e propuxo adxudicar o contrato a VILLASUSO ORTEGAL, S.L., por ser a oferta máis vantaxosa, coas seguintes condicións:

PREZO: 19.000,00€ (IVE incluído)

PRAZO: 1 mes.

A Secretaria informa que durante a mañá recibíuse unha chamada da Dirección Xeral de Administración Local, comunicando a concesión de prórroga para a xustificación da subvención ata o 31.10.2011. A resolución vaise mandar por fax, segundo dixeron.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda:

Primeiro.- Adxudicar á empresa VILLASUSO ORTEGAL, S.L. o contrato menor de obras "Actuacións en Palacete Municipal. Fondo Compensación Ambiental", polo prezo de 19.000,00 euros, e un prazo de execución de 1 mes dende a sinatura da acta de comprobación do replanteo. En todo caso, a obra deberá estar rematada antes do 31.10.2011.

Segundo.- Citar ao responsable da empresa adxudicataria e aos responsables municipais (Arquitecta municipal e D. Miguel Nieto Matamoros, director da obra, da empresa PROYFE) para a sinatura da acta de comprobación do replanteo o vindeiro día 16 de setembro de 2011, ás 12:00 horas.

6.- ASUNTOS VARIOS.

6.1. Dar conta da cédula de citación remitida polo Xulgado do Social nº 1 de Ferrol

Dase conta da cédula de citación remitida polo Xulgado do Social nº 1 de Ferrol o 29.06.2011 (rex. de entrada nº 3984), para o vindeiro 13.10.2011 ás 10:05 horas. A demandante é



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

e os demandados son o I.N.S.S., o Concello de Cedeira e FREMAP.

A Secretaria sinala que se falou está mañá con FREMAP e eles aconsellaron que o Concello comparecese con avogado no acto de xuízo.

O Sr. Luís Rubido considera que non é necesario, posto que o peso da demanda teno FREMAP.

A Xunta de Goberno Local douse por enterada.

6.2. Dar conta da certificación remitida pola Mancomunidade de Concellos de Ferrol

Dase conta da certificación remitida pola Mancomunidade de Concellos de Ferrol o 9.09.2011 (rex. de entrada nº 5203), relativa a adxudicación definitiva do contrato para a xestión de residuos voluminosos á empresa Reciclaje de Inertes del Noroeste, S.L.

A Xunta de Goberno Local douse por enterada e acorda que se lle dea traslado ao Servizo de Intervención.

6.3. Dar conta do escrito remitido polo Consello Territorial da Propiedade Inmobiliaria de A Coruña

Dase conta do escrito remitido polo Consello Territorial da Propiedade Inmobiliaria de A Coruña o 12.09.2011 (rex. de entrada nº 5236), no que se comunica que resultou elixido o Concello de Dodro en representación dos municipios con poboación de dereito igual ou inferior a 20.000 habitantes.

A Xunta de Goberno Local douse por enterada.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión ás catorce horas e cincuenta minutos do expresado día, estendéndose de todo iso a presente acta do que eu, secretaria, dou fe.